

XXX FESTA DO LONGUEIRON

VIII ENCONTRO PIRATA

sábado
5 agosto
2023

As 13.00h apertura dos chiringuitos, coa variedade de produtos con Longueiron. Animación musical ca **BANDA A TRIPULACION E OS RAPACOLLON'S Big Band**
As 18:00 horas, Comezo do desembarco pirata, toma da praia e deseguido

ASALTO AO CASTELO DE SAN CARLOS

As 21:30 horas, comezo da actuación do grupo,

PANTHOM E A DISCO MÓVIL

As 13.00h Apertura do segundo día dos chiringuitos, coa variedade de produtos con Longueiron. Animación musical coa **CHARANGA O RUMBO DE SARDINEIRO, O GRUPO PETA FORTE E A CHARANGA SANTA COMPAÑA**

As 21:30 horas, Concerto de **O SONORO MAXÍN** e fin de festa coa



2023




COLABORACIÓN: **CONCELLO DE FISTERRA**

Este Harry Paye quemò Fisterra, e levou el crucifixo de Santa María de Finesterra que era nombrado por el más devoto de todas las partidas: e así hera verdá, e yo lo vi.
(El Victorial o Crónica de D. Pedro Niño, Conde de Buelna 1436)

Ainda que certamente non foi o famoso Cristo da barba dourada o que se levou o famoso pirata inglés Harry Paye, alá polo ano 1404, a verdade é que a crónica do "Victorial" escrita polo Conde de Buelna conta que ademais de queimar a vila de Fisterra, este coñecido bucaneiro roubounos un crucifixo que se levou para a cidade de Poole, a súa patria, alá na lonxana Inglaterra.

Por aquel tempo a fama do da barba dourada era xa ben coñecida non só por terras de Galicia, senón tamén por outras estranxeiras, así que, vai ti a saber se esa fama de milagreiro non chegara tamén ata por aquel entón, a católica Inglaterra, e quen sabe se o tal Harry Paye, ávido de apropiarse de tan prezado icono relixioso non se levava por engano algún outro crucifixo de madeira que os fisterráns deixaran na igrexa de Santa María das Areas para agochar en lugar seguro a auténtica imaxe do Cristo do fin do camiño.

Sexa como sexa e fora como fora o conto é que no ano 2008 outra incursión, esta a vez a dun grupo de piratas da Asociación Harry Paye de Poole achegouse de novo esta vez en son de paz, para entregarnos outra cruz en sinal de desagravio e como proba de amizade e porque non? como símbolo de entendemento entre todos os pobos do mundo. Agardamos pois que desfrutedes desta festa que que facemos coincidir co evento gastronómico máis coñecido de Fisterra que é, como todos xa sabemos, a festa do Longueirón.



Desembarco pirata 5 de Agosto de 2023 Sábado 18 horas

Escea 1
Na praia da Ribeira unha tarde de verán están comendo e bebendo un grupo de Fisterráns
Música:
Fisterra de Luar na Lubre.

Escea 2
Pero de pronto descubren que chegan barcos piratas e veñen con moito brio seguro que a dar a lata
Música:
Die Walküre
Rise of the Valkiries

Escea 3
Segundo nos conta a historia os piratas polo visto viñan a enterrar un cofre e roubar ao Santo Cristo.
Música:
Bienvenidos de Miguel Rios
La pantera rosa

Escea 4
Pero os fisterráns moi listos da igrexa sacan o santo e deixan no sitio outra crús que dis non valía tanto.
Música:
Aida ACT II: Marcia

Escea 5
Os piratas xa se marchan contentos e convencidos de que o da barba dourada Lévano a bordo consigo.
Música:
Carmina Burana
Fortuna Imperatrix Mundi



Escea 6
Xa volven os bucaneiros A recoller o tesouro e empeza unha grande loita Por ver quen se leva o ouro.
Música:
Die Walküre

Escea 7
Na pelexa todos morren pero o final resucitan por un milagro do Cristo da barba dourada e bendita
Música:
Guardians at the gate
Kevin Rix audiomachine

Escea 8
Van desenterrar o cofre e despois a beber viño cando despregue a bandeira que indica o fin do camiño.
Música:
Banda Almada de Maldonado

Escea 9
E nais e mais cuñados E avós e sogras e fillos E fisterráns e piratas Con trabucos e rastrillos Van correndo todos xuntos a defender o Castillo.
Música:
Piratas del Caribe

Pasarrúas Final



XXX. FESTA DO LONGUEIRÓN

Sábado, 5 Agosto

Ás 13 horas

Comenzo da festa e apertura dos chiringuitos,
Amenizada polo grupo "A TRIPULACIÓN"

Ás 17 horas

Actuación dos "RAPACOLLON'S BIG BAND"

Ás 18 Horas:

"DESEMBARCO PIRATA" e "ATAQUE O CASTELO"

Ás 23 horas

Gran festa coa "DISCO MÓVIL MIMATRUCK"
e "DÚO PHANTON"

Domingo, 6 Agosto

Ás 13 horas

Apertura dos chiringuitos

Amenizado polo grupo "O RÚMBO" de Sardiñeiro

Ás 17 horas

Actuación de "SANTIAGUIÑO DE PADRÓN"

Ás 22 horas

"O SONORO MAXIN"

E ás 00 horas

Fin de festa coa discomovil

"FABRIK"



Textos: Roberto Traba Velay
Diseño e Fotos: Steffen A. Pfeiffer



Deputación
DA CORUÑA



Concello de
Fisterra

XXX Festa do Longueirón IX Desembarco Pirata



Fisterra 5 e 6 de Agosto de 2023